

# nòSdionario



GALIZA > 2-3 Profesionais alertan da "falta de recursos" para atender a saúde mental

## O Sergas só dispón de sete psicólogas para os centros de Atención Primaria

→ A Xunta di que o profesorado debe "percibir actitudes anómalas" entre a mocidade

→ O consumo de ansiolíticos e de antidepresivos aumentou entre a poboación nova



CULTURA > 29

Encontro poético  
Poetas de toda  
a península  
analizan a obra de  
Rosalía de Castro

Óliver Laxe, Gonzalo Hermo, Castillo Suárez, Anxo Angueira, Nieves Neira, Oriana Méndez, Chus Pato, María Sevilla e Juan Andrés. / Clara Xanthina

EDITORIAL > 16

**A pandemia silenciosa**  
Yuri Carrazoni

ECONOMÍA > 12-13

Congreso  
**BNG, Sumar, Podemos, ERC e Bildu exixen que Rede Eléctrica pase a ser unha empresa "100% pública"**



**VOLVE 'ALFA', A ÚNICA REVISTA EN GALEGO PARA A MOCIDADE**

**O 13 DE MAIO,  
CO TEU XORNAL**

INTERNACIONAL > 21

Informe do Centre Delàs

**España realizou 88 envíos de material militar a Israel desde outubro de 2023**

→ Mais de 130 contratos de compravenda de armamento subscritos no último ano e medio

→ O Goberno español exportou armamento a Tel Aviv por valor de 5,3 millóns de euros

INTERNACIONAL > 18-19

Asia  
**O ataque da India a Paquistán aviva a tensión na rexión**

GALIZA > 8

Sanidade  
**Nova agresión a persoal sanitario nun PAC de Vigo**

Entre 2020 e 2024, os anos que abrangue un Plan de saúde mental do que o Goberno galego deixou sen executar até 16% do seu orzamento, as listas de agarda para unha cita en Psiquiatría ou Psicoloxía aumentaron en 4.483 persoas. Profesionais do sistema público urxen a dotar de máis medios o servizo. Texto Patricia Villarino

# Profesionais alertan da "falta de recursos" para a saúde mental fronte ao "aumento da demanda"

Especialistas critican que os medios non se incrementaron o suficiente tras a pandemia e advirten da suba do consumo de ansiolíticos

O Plan de saúde mental da Galiza 2020-24 deixou, na práctica, un incremento de 4.483 persoas nas listas de agarda do servizo de Psiquiatría –no que Sanidade tamén engloba Psicoloxía– do Servizo Galego de Saúde (Sergas). Segundo os datos da Consellaría de Sanidade –os últimos consolidados nos meses de decembro de 2020 a 2024– no ano da pandemia da Covid-19, ao comezo do plan, había 4.907 persoas agardando por unha cita en todo o país. No mes de decembro de 2024 –ao remate do plan– esa cifra aumentou até as 9.390 persoas. O tempo medio de espera para unha cita en saúde mental na Galiza é de 58,81 días –a decembro de 2024–, unha cifra que aumentou en máis dun mes –31,14 días– desde 2020.

Na pasada terza feira o Consello de Contas fixo público un informe sobre a execución do citado plan entre os exercicios de 2021 e 2023 que recolle un total de 5 millóns de euros (16% do orzado

initialmente) sen executar, falta de persoal, un aumento das listas de agarda e unha "preocupante" porcentaxe da poboación medecada. O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, saía onte ao paso asegurando que no vindeiro Plan de saúde mental "corrixiranse os posíbeis defectos do anterior". E, diante do notábel aumento do consumo de ansiolíticos e antidepresivos na poboación infanto-xuvenil da Galiza o conselleiro de Educación, Román Rodríguez, derivaba a responsabilidade a Sanidade e mais ao profesorado, alegando que "todo o sistema educativo" informa as familias "se percibe algúns comportamentos anómalo", xa que "esa é a súa función [do profesorado e o persoal de orientación dos centros]". Despois, "aí ten que intervir o ámbito sanitario", puntualizou.

Carlos Losada, vogal da Sociedade Espanola de Psicoloxía Clínica, destaca a *Nós Diario* que "houbo un incremento de recursos, pero non é suficiente como para que dea resultados", xa que parale-

lamente aumentou a demanda de atención en saúde mental da poboación, froito da pandemia e doutros problemas sociais. "Antes do plan estabamos nunha taxa de 3,5 psicólogos e psicólogas por cada 100.000 habitantes", lembra, e agora elevouse até 5,5 –nas áreas sanitarias más pequenas esta taxa chega a 7–, pero "o mínimo para ofrecer unha calidade asistencial aceptábel é de 12". "O óptimo sería 20, que é cara a onde hai que ir", conclúe.

## Escaseza de persoal

O Plan 2020-24 supuxo un incremento de recursos en saúde mental no país, pero o certo é que a día de hoxe na Galiza hai unicamente sete psicólogos e psicólogas clínicas para atender toda a demanda na Atención Primaria, segundo confirman a *Nós Diario* desde o grupo de traballo de Psicoloxía Clínica en Atención Primaria do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG). Este xornal solicitou en febreiro ao Sergas esta cifra, mais ao feche desta información, e logo de demandala



O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, onte, no Parlamento galego.

de forma reiterada neste tempo, ainda non a facilitou.

O presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Xacobe Abel Fernández García, sinala que "falta moito por facer, e isto ten trazas de problema histórico". Cando a saúde mental "leva 20 anos descoidada, nos últimos catro non podes reverter rápidamente o que descoidaches antes, e menos cunha pandemia polo medio e cunha conciencia social da importancia da saúde mental posterior á pandemia", di.

Alberto Ramos é psiquiatra do Sergas na área sanitaria de

"A SAÚDE MENTAL LEVA 20 ANOS DESCOIDADA", AFIRMA XACOBE ABEL FERNÁNDEZ

## SÓ SETE PSICÓLOGOS E PSICÓLOGAS DAN SERVIZO A TODA A ATENCIÓN PRIMARIA



**Xacobe Fernández**



**Psicólogo**

**Iria Veiga**



**Psiquiatra**

**Alberto Ramos**



**Psiquiatra**

**Carlos Losada**



**Psicólogo**

Compostela e O Barbanza. Encárgase de consultas externas de Psiquiatría na capital galega e mais na Estrada (Tabeirós-Terra de Montes). "Derivamos a Saúde Mental problemas que se deberían afrontar doutro modo, como os laborais, de vivenda ou familiares, que xeran en moitas persoas síntomas compatíbeis con patoloxías psiquiátricas", apunta. E todo iso "cando os recursos humanos son extraordinariamente deficientes, en Psiquiatría tamén pero especialmente en Psicoloxía". Asegura que na súa especialidade "a lista de agarda de derivación desde Pri-

maria á consulta está en catro meses". Critica que teñen "arredor de 30 minutos" para a primeira consulta de Psiquiatría dun paciente, pero nas revisións "son 12 ou 13 minutos" por doente.

Iria Veiga, profesional da área de Hospitalización Psiquiátrica en Conxo (Compostela), coincide na diagnose da saúde mental do Sergas na Galiza: "Partimos de cifras moi malas, non acadamos o número de profesionais que recomenda a UE". Destaca que nesta especialidade "partiamos da miseria absoluta desde 2008", polo que, "aínda que nestes anos se es-

tán incrementando os efectivos", hai "un déficit brutal".

Nos últimos anos, Veiga explica que "se están a psiquiatrizar ou psicoloxizar problemas da vida social –cuestións como a vivenda, os salarios ou a conciliación familiar– que acaban provocando nas persoas sintomatoloxías psiquiátricas como cadros de ansiedad ou depresións. "Esos problemas existen, pero teñen unha solución social, hai que solucionalos en orixe", matiza. "En 15 anos o noso sector profesional non creceu, cando a demanda si o estaba facendo", advierte.

### Reaccións ao informe

## Profesionais demandan unha maior dotación de persoal

P. V. | Nós Diario

**A**s reaccións ao estado da saúde mental pública da Galiza segundo o recollido no informe do Consello de Contas non se fixeron esperar. A deputada do BNG Montse Prado destacou onte no Parlamento que en 2020 a Xunta da Galiza puxo en marcha un Plan de saúde mental "do que deixou 16% sen executar". Prado cualificou de "escándalo" que non se executasen todos os fondos "sabendo que Galiza está á cabeza no número de suicidios do Estado español e no consumo de ansiolíticos e antidepresivos, especialmente na mocidade e as mulleres". Tamén desde as filas do PSdeG a deputada Elena Espinosa criticou o anuncio de Sanidade de que o Sergas atenderá en sete días doentes con conductas suicidas, asegurando que "iso non é unha urxencia, é unha vergoña".

Para o presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Xacobe Abel Fernández, é o momento "de parar a reflexionar", pois "estamos vendo que as persoas con máis problemática social, con menos recursos e máis risco de marxinación son as que son abordadas directamente con más fármacos e con menos trato humano e dotación de persoal". Demanda "autonomía para dicir como deben xestionar os recursos humanos en Psicoloxía" e lamenta que "a única solución que está dando o sistema son pastillas".

Ana Varela